

# **PROCEDIMENTO DE EXTRACCIÓN MANUAL DE FECALOMAS**

**FEMORA**

Procedimientos de enfermería: Biomedidas



**XUNTA  
DE GALICIA**

# XUNTA DE GALICIA

**DATA DE ELABORACIÓN:** ano 2021

**EDITA:** Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde.

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

**LUGAR:** Santiago de Compostela

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Servizo de Integración Asistencial

**ANO:** 2021

**AUTORA:**

**Vázquez Martínez, Ana.** Enfermeira. Unidade de Calidade. Hospital da Mariña (Burela).  
Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

**REVISORAS:**

**Baquero Sabajanes, M.<sup>a</sup> Begoña.** Enfermeira. Centro de saúde de Anafáns (Poio).  
Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

**Castro Castro, M.<sup>a</sup> José.** Enfermeira. Centro de saúde de Catoira. Área Sanitaria de  
Pontevedra e O Salnés.

**Campos Chan, Lidia.** Enfermeira. Supervisora de Unidade. Área Sanitaria de  
Pontevedra e O Salnés.

**Méndez de León, M.<sup>a</sup> del Carmen.** Enfermeira. Hospital Álvaro Cunqueiro (Vigo). Área  
Sanitaria de Vigo.

**Meitín Canoura, M.<sup>a</sup> Teresa.** Enfermeira. Supervisora da Unidade de Medicina Interna.  
Hospital da Mariña (Burela). Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

**Rañón Rey, Susana.** Técnica en coidados auxiliares de enfermería. Unidade de  
Hospitalización de Traumatoloxía. Hospital da Mariña. Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e  
Monforte de Lemos.

# **PROCEDIMENTOS DE ENFERMERÍA**

## ***Procedemento de extracción manual de fecalomas***

*Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:*

<https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Publicaci%C3%B3n-da-Organizaci%C3%B3n>



Xunta de Galicia 2021. Procedementos de enfermería

*Esta obra distribúese cunha licenza Atribución–Non comercial–CompartirIgual 4.0 Internacional de Creative Commons (CC BY-NC-SA 4.0). Para ver una copia da licenza, visite:*

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/deed.gl>

***Este documento debe ser citado como:***

Vázquez A. *Procedemento de extracción manual de fecalomas.* 2021.

Santiago de Compostela 2021

## *Índice*

XUSTIFICACIÓN.....	6
DEFINICÓNS.....	7
ABREVIATURAS.....	7
PALABRAS CLAVE.....	8
OBXECTIVOS.....	8
Obxectivo xeral.....	8
Obxectivos específicos.....	8
ÁMBITO DE APLICACIÓN.....	9
Diagnósticos de enfermería relacionados.....	9
Poboación diana.....	9
Profesionais aos que vai dirixido.....	9
Ámbito asistencial de aplicación.....	9
DESENVOLVEMENTO DO PROCEDIMENTO.....	10
Medios materiais.....	10
Procedemento.....	10
Observacións.....	11
Rexistros.....	12
Avaliación e seguimento.....	13
RESPONSABILIDADES.....	13
BIBLIOGRAFÍA.....	13
Bibliografía referenciada.....	13
Bibliografía consultada.....	14

## XUSTIFICACIÓN

Este procedemento pretende documentar as accións que se van realizar para a extracción manual da acumulación anormal da materia fecal que forma unha masa endurecida na porción inferior do intestino.

Considérase unha das complicacións más importantes do estrinximento e polo tanto, as súas causas son moi similares e de orixe múltiple (funcionais, alimentación inadecuada, inmobilidades, deshidratación, fármacos, debilidade etc.)<sup>1,2</sup> .

Pódese manifestar por dolor abdominal, diarrea, vómitos, anorexia e/ou retención urinaria.<sup>2</sup>

A localización máis frecuente do fecaloma é a ampola rectal (70 % dos casos), seguida polo colon sigmoide e o colon proximal (20 % e 10 % dos casos respectivamente)<sup>1,2,3</sup>.

É unha patoloxía máis frecuente en pacientes anciáns, institucionalizados ou inmobilizados ou pacientes terminais por cáncer.



## DEFINICIÓN

**Fecaloma:** acumulación de fezes endurecidas e compactas no recto e/ou no colon que o paciente non pode expulsar espontaneamente.<sup>1</sup>

Maniféstase xeralmente por estrinximento, aínda que ás veces pode dar lugar a diarrea paragóxica por rebordamento das fezes retidas proximamente á impactación.<sup>2</sup>

**Síncope vasovagal:** é a forma máis común de desmaio. Prodúcese por estimulación do nervio vago, o que ocasiona unha redución da frecuencia cardíaca e unha dilatación dos vasos sanguíneos do corpo por mediación do sistema parasimpático. Maniféstase por: palidez, sudación, pel fría, pupilas dilatadas e confusión mental.



## ABREVIATURAS

**A.P:** atención primaria

**CDC:** centros para o control e prevención das enfermidades (USA).

**FEA:** Facultativo Especialista de Área

**GACELA:** Gestión Avanzada de Cuidados de Enfermería Línea Abierta

**HICPAC:** Comité Asesor de Prácticas Saudables para o Control de Infeccións.

**IANUS:** historia clínica electrónica do Servizo Galego de Saúde

**NANDA:** North American Nursing Diagnosis Association.

**UCI:** unidade de coidados intensivos

**TCAE:** técnico coidados auxiliares de enfermería



## PALABRAS CLAVE

Estrinximento, impactación fecal



## OBXECTIVOS

### **Obxectivo xeral**

- Establecer os criterios de actuación para a extracción manual dun fecalomía.

### **Obxectivos específicos**

- Aliviar a dor e o malestar do paciente.



## ÁMBITO DE APLICACIÓN

### Diagnósticos de enfermería relacionados

#### Diagnósticos NANDA<sup>4</sup>

- 00011 Estrinximento
- 00015 Risco de estrinximento
- 00110 Déficit de autocoidado no uso do inodoro
- 00132 Dor aguda
- 00235 Extrinximento funcional crónico

### Poboación diana

Este procedemento é de aplicación a todos os usuarios do Servizo Galego de Saúde que precisen da extracción manual de fecalomas.

### Profesionais aos que vai dirixido

Este procedemento é de aplicación aos profesionais pertencentes á rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

### Ámbito asistencial de aplicación

Este procedemento é de aplicación na rede sanitaria do Servizo Galego de Saúde en todos os casos nos que o paciente precise da extracción manual de fecalomas.



## DESENVOLVEMENTO DO PROCEDIMENTO

### Medios materiais

- Luvas desbotables non estériles
- Lubricante anestésico hidrosoluble
- Cuña
- Utensilios para a hixiene: esponxa con xabón, toalla, empapador...

### Procedemento

1. Comprobar a identidade do paciente, segundo o procedemento de aplicación no Servizo Galego de Saúde.
2. Respectar a intimidade do enfermo e gardar confidencialidade dos seus datos.
3. Informar o paciente e/ou o coidador principal (ou titores legais) do procedemento que se vai realizar e solicitarlle a súa colaboración, se é posible, recalcar a súa utilidade, usar unha linguaxe comprensible e resolver as súas dúbidas e temores. No caso de pacientes pediátricos explicarllles o procedemento aos pais.
4. Solicitar o seu consentimento de forma verbal, sempre que sexa posible.
5. Identificar os profesionais sanitarios que van intervir no procedemento.
6. Comprobar na historia clínica do paciente ou indagar mediante entrevista co usuario e/ou familia a existencia de hemorroides, fisuras anais...
7. Realizar hixiene de mans e colocación de luvas.
8. Colocación do paciente en posición de decúbito lateral dereito<sup>1,5,6</sup>, co xeonillo esquierdo lixeiramente flexionado (esta posición sitúa o colon sigmoideo na parte

máis alta e facilita a extracción das feces) cun empapador debaixo do enfermo para protexer a roupa da cama.

9. Se non tolera a posición anterior, colocar o paciente en decúbito supino con ambas as dúas cadeiras e xeonllos flexionados<sup>1,5</sup>.
10. Manter a cuña preto do enfermo para depositar os restos fecais.
11. Administrar lubricante anestésico na ampolla rectal e agardamos uns 10 minutos a que faga efecto.
12. Lubricamos, así mesmo, o dedo índice da nosa man dominante e comunicámosselle ao paciente que iniciamos o proceso e pedímoslle que inspire profundamente e que expire con lentitude. Así promóvese a relaxación do esfínter anal externo.
13. Introducir lentamente o dedo índice no recto e pídeselle ao paciente que realice un esforzo defecatorio.
14. Suavemente realizamos movementos rotatorios coa intención de romper o fecalomía, extraendo os fragmentos da materia fecal e depositándooos na cuña. Repetimos esta manobra ata conseguir retirar a maior cantidade posible de material fecaloideo, realizando pausas para favorecer o descenso da masa fecal e descanso do paciente.
15. Valorar en todo momento a resposta do paciente á dor: palidez, diaforese ou alteracións no ritmo ou frecuencia cardíaca.
16. Unha vez rematada a extracción limpar a zona rectal e permitir que o enfermo descanse nunha posición cómoda.
17. Retirar as luvas e hixienizar as mans.
18. Esta manobra está contraindicada en pacientes con enfermedade anorrectal (hemorroides dolorosas, fisuras, abscesos) ou recentemente intervidos dunha enfermedade nesa zona.<sup>1</sup>
19. Este procedemento está contraindicado se se sospeita obstrucción intestinal.

## **Observacións**

- Esta técnica debe executarse coa máxima precaución pola posibilidade de desencadear unha síncope vasovagal.

- É importante non forzar o procedemento. Se se aprecia sangrado ou dor intenso non continuar.
- É importante lembrar que o feito de que a ampolla rectal estea baleira non descarta a existencia dun fecalomía en niveis máis proximais do colon (serían distais ao dedo), polo que se recomendaría un estudo radiolóxico.<sup>1</sup>
- Se o fecalomía non está ao alcance do tacto rectal, aplicaremos un enema de limpeza para abrandar a masa fecal. O enema pódese poñer neste caso cunha sonda rectal ou vesical. Se detectamos unha masa non moi dura, podemos recorrer aos enemas de limpeza en combinación con laxantes.<sup>1,3</sup>
- Se a masa fecal é moi grande podemos realizar a manobra en varias sesións para evitar a aparición de sangrado, dor anal, ou calquera indicativo de síncope vasovagal, nestes casos suspenderase o procedemento.
- No caso de que o paciente teña dificultade para relaxarse, ou presente dor, pódese administrar algún sedante (solicitando previamente a súa prescripción) uns 30 minutos antes de iniciar o procedemento.<sup>1,3</sup>
- Tras a extracción do fecalomía, é conveniente establecer un plan terapéutico para evitar a recidiva.<sup>1,2</sup>
- Os anciáns ou persoas encamadas ou cunha vida moi sedentaria, con patoloxía neurolóxica e os enfermos terminais son os más propensos a padecer a impactación fecal. É necesario incidir en medidas preventivas, educando o paciente e a familia sobre a inxestión adecuada de líquidos, alimentación rica en fibras, e se é preciso o uso de laxantes.
- Destacar que a utilización de sulfato de bario en determinadas probas diagnósticas pode agravar o endurecemento das feces.

## Rexistros

- Realizaranse no aplicativo informático GACELA, IANUS, na folla de enfermería ou en calquera outro sistema de rexistro co que conte a unidade.
- Anotar a realización da técnica, hora, día e a resposta do paciente, así como os eventos adversos e/ou efectos secundarios se os houber.

- Rexistrar no plan de coidados do/da paciente as accións derivadas do procedemento.

## Avaliación e seguimento

Este documento será actualizado no prazo de cinco anos ou cando a evidencia científica poida afectar o recollido no procedemento.



## RESPONSABILIDADES

As accións derivadas da posta en práctica deste procedemento son responsabilidade do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde. A dispoñibilidade do procedemento e das ferramentas necesarias para a súa aplicación na práctica asistencial son responsabilidade da dirección do centro sanitario.



## BIBLIOGRAFÍA

### Bibliografía referenciada

1. García Cantero E., Íñigo Garay L., Novo Robledo I. [Internet] Fisterra.com. ¿Cómo se extrae un fecalomía? Artigo orixinal publicado en Revista FMC. 2008. Vol 15. N.º 2. [Data revisión 13 de setembro de 2011; [consultado 1 de outubro de

- 2021]. Disponible en: <http://www.fisterra.com/ayuda-en-consulta/tecnicas-atencion-primaria/como-se-extrae-fecaloma/>
2. Martínez N. Patología colónica aguda en el anciano. Protocolo de manejo en el servicio de urgencias [Internet]. [consultado 1 de outubro de 2021] Disponible en:<http://www.dep19.san.gva.es/servicios/urgencias/files/protocolos/colopatia>
  3. Pérez Tenreiro M. Episodio agudo de estrinximento. ABCDE en Urgencias extrahospitalarias. AGAMFEC [Internet]. 2.<sup>a</sup> edición. A Coruña. España. [consultado 1 de outubro de 2021]. Disponible en:<http://www.mircoruna.es/index.html>
  4. NANDA International. Nursing Diagnoses. Definitions and Classification, 2021-2023.Twelfth Edition.
  5. Botella Dorta C. Extracción manual de un fecaloma situado en ampolla rectal. [Internet] Fisterra.com. Publicado 2005 [consultado 1 de outubro de 2021]. Disponible en: <http://www.fisterra.com/material/tecnicas/enema/fecaloma2.pdf>
  6. Llave Benito de la J.A., Arriero Ares M. Manejo del estriñimiento en personas mayores. [Internet] Boletín de enfermería de Atención Primaria del SESCAM. Volumen IV. N.<sup>o</sup> 6 2008 [consultado 1 de octubre de 2021]. Disponible en: [http://sescam.jccm.es/web1/gaptalavera/prof\\_enfermeria/boletines/boletin\\_enfermeria6\\_2008.pdf](http://sescam.jccm.es/web1/gaptalavera/prof_enfermeria/boletines/boletin_enfermeria6_2008.pdf)

## Bibliografía consultada

- Quintana Gómez J.L., Morell Sixtob M.E. Impactación fecal. Actitud clinicoterapéutica. Jano EMC. 1999;56:30-1.
- Valentín Maganto V., Carretero Lanchas Y., Ibáñez Ramos M.J. Síntomas digestivos en el paciente en fase terminal. Cuidados de enfermería. En: López y Medio E., ed. Enfermería en cuidados paliativos. Madrid: Editorial Médica Panamericana; 1998. p. 117-27.
- Manejo del estrinximento en personas mayores Best Practice 12 (7) 2008 Disponible en: [http://www.isciii.es/htdocs/redes/investen/pdf/jb/2008\\_12\\_7\\_estrenimiento.pdf](http://www.isciii.es/htdocs/redes/investen/pdf/jb/2008_12_7_estrenimiento.pdf)
- Jordi Mascaró a, Francesc Formiga Revista Española de Geriatría y Gerontología [Internet] Vol. 41 Núm. 04. 2006.ISSN: 0211-139X.

- Disponible en: [http://www.elsevier.es/home/ctl\\_servlet?  
f=14004&searchText=estrinximento&pagina=1](http://www.elsevier.es/home/ctl_servlet?f=14004&searchText=estrinximento&pagina=1) Porta J, Gómez-Batista X, Tuca A. Control de Síntomas en Pacientes con Cáncer Avanzado y Terminal. Madrid: Aran;2004.119-128

## FEMORA

Servizo Galego  
de Saúde

Asistencia Sanitaria  
Procedemento

112  
D



SERVIZO  
GALEGO  
DE SAÚDE

Xacobeo 21·22